

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA

**CEIP PLURILINGÜE MANUEL BERMUDEZ
COUSO**

*O idioma é a forza que nos xungue e nos sostén
se perdemos a fala non somos ninguén*

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA

No CEIP Plurilingüe Manuel Bermúdez Couso de A Pobra de Trives, todos os cursos nos propoñemos a mesma finalidade, queremos que o alumnado consolide a lingua galega coma unha lingua viva e non abandonen o seu uso.

Ultimamente estamos vendo que os nosos alumnos usan menos a lingua galega. Sorpréndenos moito ,que sendo a súa lingua materna o galego e sendo a lingua que moitas familias usan na casa, o alumnado non use a lingua galega como medio de comunicación habitual.

Preocúpanos que soamente sexa o alumnado de 3º ciclo o que fai uso da lingua dun xeito mais habitual.

O noso obxectivo básico é consolidar progresivamente unha boa competencia na lingua galega, para iso, propómonos diversas tarefas para levar a cabo durante o curso escolar 2021-2022.

1º trimestre

- **24 de outubro: día das bibliotecas escolares.** Fomentamos a fala, lectura e escritura en galego.

Actividade 1. Fomentar a expresión oral e escrita en galego nas aulas mediante a actividade “que personaxe che gustaría ser?”

Actividade 2. Gravación na Radio Pingueira sobre o 24 de outubro, día das bibliotecas.

Actividade 3. Visita da mascota da Biblioteca polas aulas.

- **29 de outubro: Samaín.** Coñecer e valorar a nosa cultura e costumes. Gusto pola lectura en galego. Afianzar a escritura. Fomentar a participación das familias nas actividades do centro.

Actividade 4. Durante toda a semana os alumnos coñecen as distintas costumes relacionadas co Samaín.

Actividade 5. Decoración de cabazas na casa e exposición no centro.

Actividade 6. Taller de escritura, creación de microrrelatos de medo polo alumnado de 4º, 5º e 6º.

Actividade 7. Gravación en Radio Pinguera dos relatos escollidos.

- **12 de novembro. O Magosto- outono.** Coñecer e valorar a nosa contorna, costumes.. valorar a nosa lingua. Fomentar o gusto pola nosa lingua oral e escrita.

Actividade 8. Gravación en Radio Pinguera de contos populares , refráns, ditos, lendas recollidos polo alumnado.

Actividade 9. Obradoiros no patio do colexio coa asa de castañas no patio do colexio.

Actividade 10. Rutas de sendeirismo CAMIÑO DE OUTONO relacionadas co proxecto de biblioteca “Camiño de Santiago”.

- **20 de novembro. Día da infancia.**

Actividade 11. Traballo nas aulas sobre os dereitos dos nenos e nenas.

- **25 de novembro. Día da non violencia de xénero.** Fomentar o uso dun galego oral e escrito non sexista promovendo a igualdade entre homes e mulleres.

Actividade 12. Traballo nas aulas sobre a igualdade e a non violencia promovendo unha linguaxe non sexista.

Actividade 13. Gravación en Radio Pinguera sobre este tema.

- **22 de decembro. Nadal**

Actividade 14. Gravación de panxoliñas en Radio Pinguera.

Actividade 15. Festival de Nadal promovendo actuacións en galego.

- **Outras actividades do 1º trimestre.**

Actividade 16. Gravación de unha sección do outono en Radio Pinguera polo alumnado de infantil

Actividade 17. Elaboración do calendario anual relacionado co proxecto “Biblioteca creativa e os Camiños de Santiago”

Actividade 18. Elaboración de un tríptico con recomendacións lectoras en galego para o nadal.

- **Actividades relacionadas co proxecto do centro e da biblioteca “Unha viaxe pola biblioteca creativa e o Camiño de Santiago”**

Actividade 19. Cada curso creará un código QR coa explicación do camiño elixido e o seu significado.

Actividade 20. Elaboración dun taboleiro co itinerario do camiño para traballar cos Escornabots.

Actividade 21. Elaboración de vídeos coa técnica “croma” sobre lugares e monumentos representativos do Camiño.

Actividade 22. Saídas ao entorno próximo. Programarase distintas andainas como adestramento das rutas do Camiño. Por cada ruta completada recibirán un selo para completar a súa propia “Compostelana”.

Actividade 23. Obradoiro literario, concurso de debuxo ou redacción sobre o seu Camiño.

Actividade 25. Uso e manexo da impresora 3D para a elaboración de distintas figuras e símbolos relacionadas co Camiño de Santiago.

2º Trimestre

- **30 de xaneiro. Día da paz e a non violencia.**

Actividade 25. Traballos na aula relacionados coa paz e a solidariedade.

Actividade 26. Gravación en Radio Pingueira para transmitir valores relacionados coa paz e a non violencia.

- **Entroido.** Valorar a nosa cultura, as nosas costumes, a nosas raíces. A nosa contorna é zona onde o entroido e unha festa importante e de gran valor cultural para os no-

sos alumnos e as familias, dende o centro intentamos mantela así e recuperar aqueles valores que se van perdendo.

Actividade 27. Durante a semana do entroido traballarase nas diferentes aulas contidos sobre a temática para coñecer e manter viva a nosa tradición nesta festa.

Actividade 28. Elaboración de lardeiros e lardeiras na aulas e exposición dos mesmos.

Actividade 29. Gravación de Regueifas en Radio Pinguera.

Actividade 30. Desfile de disfraces e folios se o COVID-19 o permite, senón farase unha montaxe dos disfraces para poñer na web do centro e poder desfrutar todos dende as aulas.

- **24 de febreiro: día de Rosalía.** Coñecer e promover a lectura, fala e escritura mediante a obra de Rosalía.

Actividade 31. Gravación de poemas de Rosalía en Radio Pinguera. Posterior traballo da autora na aula.

Actividade 32. Andaina “ O Camiño de Rosalia”

- **8 de marzo. Día da muller.**

Actividade 33. Traballos na aula sobre as mulleres galegas. Gravación en Radio Pinguera. Actividades organizadas co concello e biblioteca municipal.

- **Actividades relacionadas co proxecto do centro e da biblioteca “Unha viaxe pola biblioteca creativa e o Camiño de Santiago”**

Actividade 34. Elaboración de roteiros dos camiños para traballar cos escornabot.

Actividade 35. Debuxos en acetato sobre os monumentos mais representativos para traballar na mesa de luz.

Actividade 36. Andainas para selar os nosos libriños do camiño. Andaina da paz, Andaina de Rosalía e andaina do día da muller.

3º Trimestre

- **22 de abril día do libro.**

Actividade 37. Actividades diversas dende as titorías para conmemorar dito día. Actividade por determinar coa biblioteca de Tololeo.

Actividade 38. Gravación en Radio Pingueira para festexar o día do libro.

Actividade 39. Contacontos en lingua galega pola editorial Xerais.

- **17 de maio. Letras Galegas**

Actividade 40. Traballo nas aulas para conmemorar ao autor homenaxeado.. Investigación dende as aulas sobre o autor homenaxeado.

Actividade 41. Obradoiros relacionados coa lingua galega e co autor. Andaina do camiño galego.

Actividade 42. Gravación el Radio Pingueira sobre o autor homenaxeado.

- **6 de xuño. Día do medio ambiente.** Promover e fomentar o coidado do planeta e o entorno próximo.

Actividade 43. Andaina e uso de técnicas audiovisuais como croma para a concienciación da conservación dos lugares naturais próximos.

- **Actividades relacionadas co proxecto do centro e da biblioteca “Unha viaxe pola biblioteca creativa e o Camiño de Santiago”**

Actividade 44. Exposición mediante distintas técnicas audiovisuais sobre o traballo do camiño que levaron a cabo durante todo o curso.

Actividade 45. Andainas para rematar de selar o noso libriño do camiño.

Actividade 46. Visita a Santiago, os maiores de 4º, 5º e 6º percorreren unha parte do camiño de Santiago.

Dende o noso centro pensamos que as canles comunicativas, como a radio, a televisión, internet... son os medios mais propicios para dar a coñecer e dinamizar a nosa lingua. Por

iso, este curso o equipo de Dinamización da lingua galega centra o seu traballo en dinamizar a lingua galega a través da biblioteca creativa.